

Riscos dos anuncios en navegadores

Cando realizamos procuras na internet, é habitual que os distintos buscadores ofrezan **anuncios como primeiros resultados**, que son identificados con etiquetas como **anuncio** (en inglés **ad**) ou similar:


Sitio oficial de Microsoft® - Obtén Word con Microsoft 365
www.microsoft.com/word -
Anuncio Compara todos los productos de Microsoft 365 y elige el mejor plan para ti. Microsoft 365 es compatible con Windows, macOS, iOS y Android.



É unha estratexia dos cibercriminosos adquirir anuncios con fins fraudulentos para aparecer nos resultados das procuras en primeiro lugar e redirixir a sitios web maliciosos que suplantan páxinas reais.

correos prepago

Todo Noticias Imágenes Maps Vídeos Más

Aproximadamente 1.770.000 resultados (0,25 segundos)

 **Anuncio** · <https://www.corraosprepagos.com>
Correos Prepago - Acceso
Inicie sesión en en línea. Puede utilizar su Número de Cliente, Número de Tarjeta. Secure **Correos Prepago**. Tarjeta Virtual **Prepago**.

  [correosprepago.es](https://www.correosprepago.es)
<https://www.correosprepago.es>
Correos Prepago
Con la Tarjeta **Correos Prepago** MasterCard podrás pagar en cualquier online y retirar efectivo en cajeros de todo el mundo o en nuestras ...
Iniciar sesión Particulares
Have you forgotten your password? Log in. ¿Eres nuevo o has ...

Para evitar ser víctima dun ataque deste tipo, recoméndase:

- **Comprobar que a dirección á que se quere acceder é a correcta**, especialmente cando se vaia descargar algún programa, introducir datos persoais ou iniciar sesión nun sitio web. En ocasións, e como pode apreciarse no anterior exemplo, as direccións dos sitios web fraudulentos conteñen sutís erros gramaticais para asemellarse ás direccións reais.
- **É unha boa práctica ignorar os anuncios** e acceder aos resultados das procuras que non se etiqueten como tal.

